

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 19 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de planta de transferencia de residuos sólidos urbanos na parroquia de Santa Marta de Meilán, no concello de Riotorto (Lugo) (clave do expediente 2022/0043).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental, do 18 de xullo de 2022, do proxecto de planta de transferencia de residuos sólidos urbanos na parroquia de Santa Marta de Meilán, no concello de Riotorto (Lugo), promovido por Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (Sogama).

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: m0d9bfu7-a0j0-uhl5-xgj7-uexm5jtd6az0

